



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Aprobación definitiva da actualización das tarifas dos servizos urbanos de taxi no Concello de Carral (expediente en TEDEC 2024/V015/000004)

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Carral, en sesión ordinaria realizada o día 27 de marzo de 2025, acordou aprobar inicialmente a actualización das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi no Concello de Carral, que se recolle no presente, e someter o expediente a información pública.

O expediente sometéuse a información pública mediante anuncio no BOP (nº 63 do 02/04/2025), no taboleiro de anuncios da Corporación e na web municipal, durante o prazo de 20 días, contado a partir do día seguinte á publicación do anuncio no BOP de A Coruña, para a presentación de alegacións.

De acordo co exposto, transcorrido o período de información pública, sen que se formularan alegacións, o expediente foi remitido á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia aos efectos de solicitar a autorización das tarifas aprobadas inicialmente, segundo o previsto no Real Decreto-Lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica e o Real Decreto 2695/1977, do 28 de outubro, sobre normativa en materia de prezos, recibíndose autorización do órgano autonómico o 26 de xuño de 2025 (rex. entrada nº 202590000001137).

En cumprimento do acordado polo Pleno o 27 de marzo de 2025, ao non terse presentado alegacións e contando coa autorización do órgano autonómico competente, a aprobación inicial quedou elevada a definitiva, facéndose público por medio do presente no Boletín Oficial da Provincia.

De acordo co exposto, fanse públicas as tarifas dos servizos urbanos de auto-taxi do Concello de Carral.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente, ao abeiro do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela que corresponda no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da publicación do presente, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

TARIFAS DE APLICACIÓN AOS SERVIZOS URBANOS DEFINITIVAMENTE APROBADAS

CONCEPTOS	IMPORTE CON IVA	IMPORTE SIN IVA
TARIFA 1		
BAIXADA DE BANDEIRA (a)	3,85	3,50
KM RECORRIDO	1,10	1,00
HORA DE ESPERA	16,50	15,00
SUPLEMENTO CANS E GATOS ☺	0,70	0,64
SUPLEMENTO OCUPACIÓN MALETERO ☺	0,70	0,64
TARIFA 2		
BAIXADA DE BANDEIRA (b)	4,50	4,09
KM RECORRIDO	1,32	1,20
HORA DE ESPERA	19,80	18,00
SUPLEMENTO CANS E GATOS ☺	0,70	0,64
SUPLEMENTO OCUPACIÓN MALETERO ☺	0,70	0,64
SUPLEMENTO NOITEBOA E FIN DE ANO (Tarifa 1 e 2)	2,00	1,82

APLICACIÓN DE TARIFAS Y SUPLEMENTOS:

TARIFA 1.-Aplicable en días laborais de 06.00 a 22.00 horas

TARIFA 2.- Aplicable en días laborais de 22.00 a 06.00 horas, os venres dende as 22:00 horas, sábados, domingos, festivos e o 24 e 31 de decembro durante as 24 horas.

(a) – A baixada de bandeira en Tarifa 1, inclúe 1.700,00 metros, ou tempo equivalente

(b) - A baixada de bandeira en Tarifa 2, inclúe 1.700,00 metros, ou tempo equivalente

(c) Excepcións:

Non se cobrará este suplemento por transportar sillas de PMR ou de menos.

Tampouco se aplicará este suplemento polo traslado de cans lazarillos.

Cada pasaxeiro ten dereito a transportar gratuitamente no maletero do vehículo, un bulto de equipaxe ou pertenza.

SUPLEMENTO DE NOITEBOA E FIN DE ANO (en ambas tarifas)

Día 24 de decembro dende as 22:00 horas ás 08:00 horas do día 25 de decembro.

Día 31 de decembro dende as 22:00 horas ás 08:00 horas do día 1 de xaneiro

Carral, 26 de xuño de 2025

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2025/4247